



## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2024 RENOVACIÓN PARCIAL

**Asunto:** Circular informativa sobre a elección de representantes do **Alumnado** no Consello Escolar do IES de Melide

Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, deben renovarse parte dos representantes do Consello Escolar deste centro, polo se lle informa dos seguintes aspectos a ter en conta:

**1. Renovaranse 3 representantes do alumnado:** Cesamento de 3 representantes elixidos en 2021

**2. O Consello Escolar do centro:**

É o órgano propio de participación no centro dos diferentes membros da comunidade escolar.

**3. Composición:**

- 3 representantes Pais / Nais / Titores Legais.
- 4 representantes Alumnos/as
- 7 representantes Profesores/as
- 1 representante Persoal Administración e Servizos
- 1 representante do Concello de Melide
- Director/a
- Xefes/as De Estudos
- Secretario/a do Centro (con voz pero sen voto)
- 1 representante proposto polas organizacións empresariais presentes no ámbito de acción do centro (con voz e sen voto)

**4. Funcións:**

- a) Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto, aprobalas, avalialas e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o Claustro de Profesorado ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
- b) Enviar representación para valorar méritos na elección do director ou directora do centro.
- c) Propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos.
- d) Decidir sobre a admisión de alumnado, con suxeición estrita ó establecido na lexislación vixente.
- e) Aprobar e modificar o regulamento de réxime interior do instituto.
- f) Resolver os conflitos e impoñer as correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, de acordo coas normas que estableza a Consellería de Educación.
- g) Aprobar o proxecto de orzamento do instituto e a execución do mesmo
- h) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do instituto, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que lle competen ó Claustro.
- i) Aprobar a programación das actividades escolares complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- j) Establecer as directrices para a participación do instituto en actividades culturais, deportivas e recreativas naquelas accións asistenciais nas que o instituto puidese aportar a súa axuda.
- k) Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
- l) Promover a renovación das instalacións e equipamento do instituto, e vixiar a súa conservación..
- m) Analizar e valorar o funcionamento xeral do instituto, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
- n) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de centro, nos termos que a Consellería de Educación estableza.



- o) Regular o procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clases ou en período de lecer do alumnado do centro

O Consello Escolar do Centro **reunirase preceptivamente unha vez ao trimestre** e sempre que o convoque o seu presidente ou o soliciten cando menos un terzo dos seus membros. En todo caso, reunirase ó inicio e remate de curso.

Dous anos despois de que se constituía o Consello Escolar con todos os membros, levarase a cabo a súa **primeira renovación parcial** e serán substituídos os seguintes membros: tres profesores/as, dous alumnos/as e dous pais/nais elixidos polos pais e nais de alumnos.

Dous anos despois, substituiranse os membros non expresados na **renovación parcial** anteriormente citada, isto é: catro profesores/as, dous alumnos/as, un pai ou nai proposto pola asociación de pais/nais de alumnos e un membro do persoal non docente.

## 5. Elección dos representantes do Alumnado:

- **Electores:** Todo o alumnado matriculado no Centro.
- **Elixibles:** Aqueles electores que presenten a súa candidatura por escrito ante a Xunta Electoral do Centro, da cal a Presidencia é o Director/a e na que hai un representante do alumnado. O alumnado do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria non poderá participar na elección nin no cesamento do director ou directora.
- A **elección** farase ante a mesa electoral presidida polo Director do Centro e dous alumnos/as designados ó chou. Cada alumno poderá votar un representante de alumnado.
- Poderán actuar como **supervisores da votación** o alumnado proposto por unha asociación de alumnos e alumnas do Centro ou avalados pola sinatura de dez ou máis electores.
- **O voto será secreto, directo e non delegable.**
- Para votar o alumno debe figurar no **Censo electoral do Alumnado** do Centro, exposto no taboleiro de anuncios, debendo comprobar previamente que está incluído no mesmo.
- Cada elector fará constar na súa papeleta **un so nome** da lista de candidatos.
- Para máis información, o alumnado pode dirixirse á Dirección do Centro, ó Delegado/a da súa aula, á Asociación de Alumnado ou ós compañeiros que xa foron representantes do alumnado no Consello Escolar.

O proceso dará comezo o próximo **venres 18 de outubro** coa celebración do sorteo público dos membros que formarán parte da Xunta Electoral, órgano encargado de supervisar as eleccións.

Melide, a 11 de outubro de 2024.

A DIRECCIÓN